

# Programación xaneiro 2012


## Unha mostra de arte en vidro inaugura o ano

### Convócase a VIII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas



**Museo  
do Pobo  
Galego**

Xoves 12  
20h00



### REFLEXARTE

Este proxecto expositivo nace na Coruña, con motivo do 75 aniversario da Cristalería El Reflejo, fundada en 1935 por Jesús Ares González. Grazas á xenerosidade desta empresa, os artistas puideron construír os seus propios soños deixando que a imaxinación fluíse a través da beleza e luminosidade transparente do cristal.

Soledad Penalta, Tiago Madeira, Manuel Patinha, Paco Pestana, Álvaro de la Vega, Tono Galán, Montse Rego, María Xosé Díaz, Carmen Senande, Acisclo Manzano e Julia Ares

reuniron esforzos para demostrar que hoxe a única barreira que se pode aplicar á arte contemporánea é a da calidade. José Luis Rey e Queca Ares achegaron a súa creatividade á montaxe e Pepa Cerviño fixo o propio cun rigoroso texto historiográfico no catálogo da mostra.

O Museo do Pobo agradece o esforzo de El Reflejo por avalar convocatorias culturais deste tipo, agradecemento extensible á imprenta gráfica Litonor e á Deputación de Ourense por contribuíren a que esta mostra se faga visible nas salas de Bonaval.



Fundación Antonio Fraguas Fraguas

### VIII Proxecto didáctico Antonio Fraguas

A Fundación Antonio Fraguas Fraguas, co concurso da Consellería de Cultura, Educación e O.U., convoca a oitava edición do proxecto didáctico encamiñado á realización dun programa de pescuda sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico do contorno inmediato entre os centros escolares de Galicia.

Establécense dúas modalidades: ensino primario e ensino secundario, dotadas con 7 000 euros cada unha. En cadansúa modalidade elixirase un proxecto, que se ha desenvolver durante o seguinte ano lectivo. Os dous traballos serán ao final obxecto dunha exposición.

Prazo de  
presentación:  
25 de  
maio

### ADRA, revista das socias e socios do MPG

Vén de saír do prelo o sexto volume de ADRA, revista anual dos socios e socias do MPG. Neste número colaboran Justo Beramendi, Begoña Bas, Estefanía Lodeiro, Manuel Aldao e Salvador Castro, Elisa Gallego, Xosé Carlos Beiró, Clodio González, J. David Conde e X. Ramón Marín, Isabel Pousada e Victoria Vázquez, José M. González Monje e Ramón Luís Acuña. A contribución artística é unha obra de Laíño.

Nesta ocasión a publicación non contou con patrocinio comercial, senón que foi financiada fundamentalmente coas achegas dun grupo de socias e socios do Museo. O prezo de venda ao público é de 6 euros; os socios do Museo beneficianse dun 40% de desconto. Número atrasado 5 euros.

